

UNIDADE 1: QUE É A FILOSOFÍA?

FILOSOFÍA. 1º DE BACHARELATO

1

Que é a filosofía


A admiración como orixe da filosofía

«Que a filosofía non é unha ciencia produtiva é evidente xa polos primeiros que filosofaron. Pois os homes comezan e comezaron sempre a filosofar movidos pola admiración; ao principio admirados ante os fenómenos sorprendentes máis comúns; logo avanzando pouco a pouco e considerando problemas maiores, como os cambios da Lúa e os relativos ao Sol e ás estrelas e a xeración do Universo. Pero o que cuestiona un problema ou se admira, recoñece a súa ignorancia. De sorte que, se filosofaron para fuxir da ignorancia, queda claro que buscaban o saber en vista do coñecemento, e non por algunha utilidade. E así o testemuña o acontecido. Pois esta disciplina comezou a buscarse cando xa existían case todas as cousas necesarias e as relativas ao descanso e ao ornato da vida. É, pois, evidente que non a buscamos por ningunha outra utilidade, senón que, así como chamamos home libre ao que é para si mesmo e non para outro, así consideramos esta como a única ciencia libre, pois esta soa é para si mesma.

[...] Así, pois, todas as ciencias son máis necesarias que esta, pero mellor, ningunha».

Aristóteles, *Metafísica*, I, cap. 2, 982b-983a.

Cuestións sobre a lectura

- 1 Con que argumentos defende Aristóteles que a filosofía non é unha disciplina produtiva, senón teórica?
- 2 Que significa a afirmación de que «filosofaron para fuxir da ignorancia»?
- 3  **Mesa redonda.** Poñede algúns exemplos de asombro que vos suscite a pregunta «por que isto é así?».
- 4 Demostra Aristóteles que a filosofía é un saber das causas e dos principios das cousas?
- 5 Que quere dicir o enunciado co que remata o texto: «Así, pois, todas as ciencias son máis necesarias que esta, pero mellor, ningunha»?

A que chamamos filosofía?

1.1. Filosofía e explicación racional do mundo

A palabra «filosofía» apareceu na antiga Grecia cara ao século VI a. C. —hai, aproximadamente, 2 500 anos. Procede de dúas palabras: *philos*, que significa 'amante', 'namorado', e *sophia*, que significa 'sabedoría', 'coñecemento'. Ou sexa, o filósofo é un amante ou un namorado do coñecemento, e a filosofía é o amor á sabedoría.

A filosofía naceu grazas ás achegas dos filósofos agrupados posteriormente baixo o nome de «filósofos presocráticos», por ocuparse da natureza e por ser anteriores a Sócrates. Foi Sócrates o pensador que deu un xiro á filosofía anterior a el, centrando o seu interese no ser humano e na sociedade.

Os **presocráticos** buscaban un fundamento do Universo a partir do que se puidese explicar a diversidade dos fenómenos naturais. Este fundamento podían ser os números, como ensinaba Pitágoras; o ser, como defendía Parménides, ou os átomos, como creu Demócrito. En todos os casos, tratábase de determinar o fundamento do Universo e de todo o existente mediante un concepto lóxico e racional.

Na antiga Grecia, todos os saberes e todas as ciencias eran filosofía e «filosofía» tiña o mesmo significado que «ciencia». Non obstante, co paso dos séculos, o incremento do coñecemento humano e a súa diversificación en multitude de ciencias distintas provocaron a necesidade dos saberes especializados.

Glosario

Filosofía: etimoloxicamente, significa 'amor á sabedoría' e tivo a súa orixe na antiga Grecia no século VI a. C. É a disciplina reflexiva e crítica na que se aspira a reformular e ofrecer propostas teóricas e prácticas sobre temas de diversa índole, desde o problema do coñecemento ata cuestións como o mellor goberno, pasando pola felicidade individual.

Glosario

Filosofía teórica: rama da filosofía na que se analizan os problemas relacionados co coñecemento (epistemoloxía), coa estrutura da realidade (ontoloxía), coa ordenación do pensamento (lóxica), coa natureza e coa función da linguaxe (filosofía da linguaxe) ou coa análise do método científico e das súas implicacións (filosofía da ciencia). A filosofía teórica é neutral en cuestións valorativas como a moral, a política ou a estética. É moi necesaria en problemas relativos ao coñecemento humano.

1.2. O uso teórico da razón

Na súa orixe, entendiase a filosofía como **o esforzo metódico do pensamento que trata de construír unha teoría universal e racional sobre a realidade**. Hoxe sabemos que esta concepción ten algúns inconvenientes e non existe unha definición única da filosofía sobre a que haxa un acordo maioritario.

En calquera caso, a filosofía tivo sempre como unha das súas metas esenciais satisfacer o desexo intelectual de obter un coñecemento coherente, racional e unificado da nosa existencia e do mundo.

Os nosos coñecementos e as nosas crenzas aprendémolos das persoas maiores, pola tradición ou pola propaganda, de acordo co que pensa todo o mundo, etc. Pero moitas persoas non se conforman con isto, senón que necesitan ordenar con coherencia e fundamentar racionalmente as súas conviccións e as súas ideas, a súa concepción do mundo, o seu sistema de valores e as súas noicións acerca de que se pode saber. Este empeño da filosofía coñécese tradicionalmente como **filosofía teórica** ou como **uso teórico da razón**.

Dende o seu nacemento, este carácter teórico da filosofía púxose de manifesto nunha aproximación desinteresada á realidade. En principio, a filosofía non busca a verdade para poder facer con ela tal ou cal cousa, senón, sinxelamente, porque é a verdade.

Para exemplificar o carácter teórico da filosofía, Pitágoras comparaba as distintas actitudes que se poden adoptar ante a vida coas que asumían os que asistían ás olimpíadas que se celebraban na antiga Grecia. Unhas persoas —dicía Pitágoras— asisten aos xogos para participar nas competicións; outras van para vender cousas e facer negocio; pero outras van só para mirar o que sucede. Esta actitude de querer saber o que acontece, simplemente pola curiosidade de sabelo, era a propia de quen se dedicaba a filosofar.

A filosofía en persoa



Pitágoras (585-500 a.C., aproximadamente) foi un filósofo e matemático da antiga Grecia. Non chegaron ata a nosa época nin as súas obras nin datos fiables sobre a súa vida. A súa idea principal é a da harmonía numérica do Universo. Na correspondencia entre os números e os seres do mundo, fúndase unha filosofía mística de gran resonancia nos tempos do nacemento da filosofía.

1 A que chamamos filosofía?


1.3. O uso práctico da razón

Aínda que o obxectivo propio da filosofía é a explicación, a análise crítica e a comprensión da realidade, tamén se cultiva como instrumento para a corrección ou para a modificación do mundo natural ou do mundo humano. Isto é así porque a realidade humana é esencialmente, social e activa.

O ser humano coñece o mundo transformándoo e vive a súa vida sempre con outros seres humanos. Coñecemento humano, acción e sociedade son inseparables. Ao abordar racionalmente non como son as cousas, senón como deben ser, entramos no terreo da **filosofía práctica** ou do **uso práctico da razón**.

A finalidade práctica da filosofía é, pois, a transformación da realidade e a orientación da propia vida. Sócrates, no século v a. C., insistía nesta finalidade e ensinaba que o primeiro deber de todo ser humano é coñecerse a si mesmo: «Unha vida sen reflexión —dicia— non é digna de ser vivida».

A filosofía en persoa



Sócrates (470-399 a. C., aproximadamente) foi un filósofo da antiga Grecia. Todo o seu ensino foi oral e o seu pensamento foi nos transmitido por Platón, o seu discípulo máis importante, nos seus diálogos, na maioría dos cales representa o papel protagonista. A súa intelixente dialéctica e a súa altura moral convertérono en guía da nova aristocracia ateniense. Isto atraeu o odio do partido democrático e condenárono a morte.

Tamén é un obxectivo da filosofía valorar e promover a mellora nas relacións sociais e humanas mediante a reflexión sobre os valores morais e sobre os sentimentos humanos, e a reflexión sobre a sociedade e acerca das institucións políticas.

Immanuel Kant, filósofo alemán do século XVIII, resumiu a tarefa da filosofía en responder a catro preguntas que, no fondo, van unidas: que podemos saber?, que debemos facer?, que podemos esperar?, e que é o ser humano? Como vemos, a súa proposta segue sendo un bo punto de partida.

Glosario

Filosofía práctica: rama da filosofía na que se analiza a realidade co fin de transformala, tendo en conta non tanto como son as cousas, senón como deberían ser. O seu obxectivo é a transformación da realidade, normalmente mediante a aplicación dun conxunto de medidas que dependen dun marco teórico; e tamén a sabedoría vital, unha das aspiracións da filosofía tradicional. A filosofía política, a ética, a estética ou a filosofía da técnica son algunhas das súas disciplinas.

Actividades

- 1 Que significa a palabra «filosofía»? Cal era o obxectivo da investigación filosófica na antiga Grecia?
- 2 Os filósofos presocráticos primaban a filosofía práctica sobre a teórica? Xustifica a túa resposta.
- 3 Cal é a diferenza entre filosofía teórica e filosofía práctica?

Textualmente

«Toda operación humana completa, desde a máis simple á máis complicada, executada por un só individuo ou por un número calquera, componse inevitablemente de dúas partes. Ou, noutros termos, dá lugar a dous tipos de ámbitos: un teórico e outro práctico, un de pensamento e outro de acción. O primeiro precede necesariamente o segundo, ao que está destinado a dirixir. Noutras palabras, non hai nunca unha acción sen un pensamento previo. Na acción que parece máis puramente rutineira, esta análise pode ser observada e a única diferenza está en que a teoría pode estar mellor ou peor concibida. O individuo que pretende non se deixar dirixir por teorías limitase a non admitir os progresos teóricos feitos polos seus contemporáneos, conservando

teorías longo tempo superadas e que foron mesmo talvez substituídas por outras».

A. Comte, Plan de traballos científicos necesarios para reorganizar a sociedade.

- 1 Expón a actitude que Comte critica neste texto.
- 2 Defende Comte que a teoría precede sempre a acción? Xustifica a túa resposta.
- 3 Que reproche fai Comte a quen intenta non se deixar dirixir polas teorías?
- 4 Que ensinanza cres que podemos extraer deste texto?



Os mitos narran sucesos fantásticos e lendarios protagonizados por seres divinos ou semidivinos (Michel-Ange Houasse, Neptuno, mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, Madrid).

3.2. A época clásica da filosofía grega

A época de maior esplendor da filosofía grega comprende os séculos V e IV a. C., e os seus protagonistas foron Sócrates, Platón e Aristóteles.

Sócrates (470-399 a. C.) é unha das imaxes máis vivas da filosofía de todos os tempos, pois encarnou coa súa figura e coa súa vida esa busca apaixonada do saber mediante o método da pregunta e a resposta. O que buscaba era un concepto ou unha definición das verdades e dos valores que fose universalmente válido e co que se puidesen articular de xeito estable e ordenado a ciencia e a sociedade.

Seguindo as súas ensinanzas, e como un desenvolvemento deses conceptos universais dos que Sócrates falara, **Platón** (428-347 a. C.) realizou a primeira proposta racional e sistemática de conceptos tan básicos como os de ciencia, moral, beleza ou política.

Platón defendeu a necesidade de establecer as condicións do coñecemento científico como un saber seguro e indiscutible. Só sobre este tipo de saber lle parecía posible basear os criterios éticos da acción correcta e virtuosa. Ademais, para a acción política tamén era necesario o coñecemento científico.

Co fin de difundir estas doutrinas, Platón fundou a Academia en Atenas, institución que se pode considerar a primeira universidade da historia, e desenvolveu a súa importantísima teoría das ideas, entidades que concibiu como modelos intelectuais, reais, eternos e non perceptibles polos sentidos, senón só pola razón, e que explican toda a realidade material.

Aristóteles (384-322 a. C.), un dos discípulos de Platón na Academia, foi considerado durante moitos séculos o sabio máis importante da historia.

Asumindo algunhas das teorías do seu mestre, pero tamén rexeitando outras, Aristóteles foi o iniciador de moitas das nosas ciencias actuais. A bioloxía, a física, a astronomía, a lóxica, a ética, a política, etc., foron algúns dos ámbitos do saber nos que investigou.

Non obstante, pola importancia que ten na historia da filosofía, destaca a súa concepción do que denominou a «ciencia primeira», que posteriormente se coñeceu como «metafísica».

Aristóteles foi o encargado de educar o novo príncipe macedonio Alexandre, quen logo foi Alexandre Magno. Tamén fundou unha escola de filosofía en Atenas, coñecida como o Liceo.

Características do saber filosófico

2.1. Un saber das causas e das razóns

Para Aristóteles, a filosofía é un modo de coñecemento no que non nos contentamos con saber só que certas cousas son dun determinado modo e non doutro. O propio da filosofía é que se quere saber «por que» as cousas son do xeito que son; é dicir, a **filosofía** é un saber que ten por obxecto o **estudo das «causas» e dos «principios» das cousas.**

Por iso, a filosofía non é unha ciencia como as demais. É posible que tamén outras ciencias se pregunten polo porqué dos fenómenos, pero a súa pregunta dirixese a aspectos particulares da realidade. Por exemplo, a xeometría sèrvese de certos principios para explicar as propiedades das figuras ou das magnitudes.

O propio da filosofía, en cambio, é que busca as causas e os principios da realidade no seu conxunto e na súa interconexión. Así, mentres as demais ciencias son saberes particulares, a filosofía —dicía Aristóteles— debe ser un saber universal.

Ou sexa, a filosofía é unha ciencia que engloba o mundo físico e todo o que forma parte del: os seres inanimados, os seres vivos, os seres humanos, a sociedade, a historia, a cultura, etc. Esta era a utopía da filosofía segundo a idea de Aristóteles, que hoxe non resulta factible pola extrema complexidade de coñecementos e de datos que se vería obrigada a incluír.

Non obstante, aínda que na actualidade xa non se practica a filosofía comprendida como esta «ciencia universal» da que falaba Aristóteles, nas diversas tarefas que se abordan na filosofía actual consérvase o específico da actitude filosófica tal como el a expresaba: a busca das causas, dos principios e das razóns que explican por que as cousas son como son e non doutro modo.

A filosofía en persoa



Aristóteles (384-322 a. C., aproximadamente) foi o discípulo máis importante de Platón, aínda que critica a teoría platónica das ideas e entende o coñecemento como formación de conceptos por abstracción a partir dos datos que proporcionan os sentidos. A el débese a primeira organización das ciencias e a comprensión da filosofía como saber fundamentador delas. No ámbito da ética, considera que o fin da vida boa é a felicidade, a sabedoría, que se consegue

cultivando o máis elevado e espiritual que hai nos seres humanos.

2.2. Principais ramas da filosofía

Desde o seu nacemento, na filosofía prestouse atención a diversas temáticas. Aínda que na Antigüidade podía equipararse a filosofía coa ciencia, na filosofía tamén se mostrou interese por campos como a política ou a arte, mentres que, pola súa banda, as ciencias fóronse especializando e afondaron no estudo da natureza.

Non podía existir un só saber, a filosofía, que abranguese a totalidade dos coñecementos conquistados e acumulados polos seres humanos sobre a realidade: as ciencias naturais, as matemáticas, a historia, a psicoloxía, etc. Por iso, moitas das ciencias actuais, que antes formaban parte da filosofía, constitúen hoxe saberes independentes e especializados.

No ámbito do que tradicionalmente se entende por filosofía, as disciplinas máis importantes son a metafísica, a epistemoloxía (ou teoría do coñecemento) e a ética.

A metafísica

O obxecto de estudo da metafísica é o **ser** e os ámbitos do que existe (o cosmos, a natureza, o ser humano, etc.).

A súa rama principal é a ontoloxía, na que se trata de responder as preguntas máis esenciais e máis abstractas que o ser humano se pode facer: por exemplo, que é o ser?; que suscita outras como: é espírito ou materia?, que é o non-ser, ou sexa, a nada?, tivo o ser unha orixe ou é eterno?, etc.

Na ontoloxía tamén se abordan as preguntas sobre que é o ser humano ou acerca de que é o mundo. E para responder delas elaborábase unha concepción organizada de ideas, por exemplo, sobre a realidade do mundo; é dicir, búscase unha «cosmovisión» a partir dos datos e dos resultados achegados polas ciencias. Polo tanto, a pregunta que é o mundo? suscita outras como: cara a onde se encamiña o mundo?, que son o espazo e o tempo?, en que consiste a relación causa-efecto?, etc.

Glosario

Metafísica: para Aristóteles, é a rama da filosofía mediante a que se intentan descubrir as causas e os principios supremos da realidade; aínda que tamén se define como a ciencia que investiga o ser en canto tal. Esta concepción da metafísica diferénciase das ciencias particulares, que se ocupan dunha rexión concreta da realidade, non do ser en xeral. Segundo Kant, hai que sometela a crítica, do que resulta que a metafísica debe ocuparse non dos obxectos, senón do noso coñecemento sobre eles (metafísica crítica).

2 Características do saber filosófico

A epistemoloxía ou teoría do coñecemento

O obxecto da epistemoloxía ou teoría do coñecemento é o estudo do **saber** e da **ciencia**, das súas posibilidades e dos seus límites con vistas ao seu uso humano.

O principal problema da epistemoloxía é establecer como o que cremos coñecer se pode considerar un coñecemento seguro e verdadeiro dos seres e do mundo.

De aí que a pregunta que é o coñecemento? se transforme nestas outras: como podemos coñecer algo de forma segura e certa?, cales han de ser os criterios para saber cando algo é verdadeiro e cando non?

Na teoría do coñecemento preténdese expoñer as regras da formación correcta das ideas e das crenzas. Nela esíxese o compromiso de que a busca do saber obedeza só as regras que ela mesma recoñeza como válidas para o seu uso eficaz e seguro.

Por esa razón, a filosofía contraponse á fe, aos prexuízos, ao mito e, en xeral, a calquera saber non xustificando e non fundamentado racionalmente; porque na filosofía xúlgase a validez dos demais saberes examinando que obxectos son accesibles á capacidade humana de coñecer e cales superan as nosas posibilidades de comprensión.

Textualmente

«Hai unha ciencia que estuda o ser, en tanto que ser, e os accidentes propios do ser. Esta ciencia é diferente de todas as ciencias particulares, porque ningunha delas estuda o ser en xeral, en tanto que ser. Estas ciencias só tratan do ser desde certo punto de vista, e só desde este punto de vista estudan os seus accidentes; neste caso están as ciencias matemáticas.

Mais, xa que indagamos os principios, as causas máis elevadas, é evidente que estes principios deben de ter unha natureza propia. Polo tanto, se os que indagaron os elementos dos seres buscaban estes principios, debían necesariamente estudalos en tanto que seres. Por esta razón, debemos nós tamén estudar as causas primeiras do ser en tanto que ser.

Aristóteles, *Metafísica*, IV, cap. 1, 1003a.

- 1 Que significa a distinción aristotélica entre o que é esencialmente e o que é por accidente? Pon algúns exemplos.
- 2 A definición da metafísica como ciencia do ser e das causas primeiras das cousas é correcta segundo o que se di no texto? Razoa a túa resposta.

Kant consideraba que os límites do coñecemento marcan o ámbito no que este ten validez. Cando se pretende ir máis alá destes límites, xa non se pode falar de coñecemento, senón doutra cousa: fe, prexuízo, opinión, etc.

Con Kant inaugúrase a rama da epistemoloxía chamada «filosofía da ciencia», na que se estudan os métodos empregados polas ciencias; a natureza e o alcance dos conceptos, das leis e das teorías científicas; etc.

A ética

O obxecto da ética é o estudo das **teorías acerca da orixe e da xustificación dos códigos morais e da moralidade en xeral**.

A súa pregunta fundamental, neste nivel, é: que é o bo? E posto que o bo debería ser a norma que guiase sempre os nosos comportamentos, na ética preguntámonos tamén: que debemos facer?

A pregunta polo que debemos facer leva, á súa vez, á proposta de temas como o da motivación moral das condutas boas (por exemplo, as que se fan por altruísmo); a relación entre as accións boas e a felicidade; a natureza e a importancia dos valores; etc.

Textualmente

«[...] En todo sistema moral do que tiver noticia ata agora, puiden observar sempre que o autor segue durante certo tempo o modo de falar ordinario, establecendo a existencia de Deus ou realizando observacións sobre os quefaceres humanos; e, de pronto, atópome coa sorpresa de que, en vez das cópulas habituais das proposicións: «é» e «non é», non vexo ningunha proposición que non estea conectada cun «debe» ou un «non debe». Este cambio é imperceptible pero resulta, non obstante, da maior importancia. En efecto, en tanto que este «debe» ou «non debe» expresa algunha nova relación ou afirmación, é necesario que sexa observada e explicada e que ao mesmo tempo se dea razón de algo que parece absolutamente inconcibible, a saber: como é posible que esta nova relación se deduza doutras totalmente diferentes. Pero, xa que os autores non usan polo común desta precaución, atreveime a recomendala aos lectores: estou seguro de que unha pequena reflexión sobre isto subvertería todos os sistemas correntes de moralidade, facéndonos ver que a distinción entre vicio e virtude nin está baseada meramente en relacións de obxectos nin é percibida pola razón.»

D. Hume, *Tratado da natureza humana*, III, parte I, secc. I.

- 1 Que problema expón Hume neste texto? Que relación ten coa ética?
- 2 A que conclusión chega Hume sobre a ética?

Na súa vertente práctica, na ética estúdanse tamén os códigos particulares de conduta adoptados polos individuos ou nas distintas profesións. Así, fálase da bioética ou da ética médica, da ética dos negocios, da ética xurídica, da ética política, etc.

Neste nivel, fórmulanse preguntas como: por que hai que obedecer as leis que aproba o goberno á parte de polo medo ao castigo?, que é a liberdade cidadá e como debemos usala?, deben legalizarse o aborto ou a eutanasia?, cales deben ser os límites das técnicas e das investigacións médicas en relación coa vida?, etc.

Todo o mundo dirixe a súa conduta cara a fins que lle parecen desexables e valiosos. Mediante a ética trátanse de articular de forma racional as regras do comportamento bo e os valores que deben guialo.

2.3. Áreas actuais de investigación en filosofía

Os dous ámbitos, teórico e práctico, da filosofía artículan-se actualmente nun conxunto de disciplinas que se poden sintetizar do modo que expoñemos no cadro que aparece a continuación.

Actividades

- 1 En que se distinguen a metafísica e a antropoloxía?
- 2 A epistemoloxía e a lóxica son diferentes porque estudan o coñecemento humano desde perspectivas distintas? Cales son estas perspectivas?
- 3 Se a ética se ocupa dos valores morais, que relación pode ter coa filosofía política?

Filosofía teórica	Metafísica	Significa estudo 'do que está máis alá da natureza', é dicir, da estrutura básica da realidade, dos seus niveis e das súas propiedades. En xeral, preténdese explicar o ser, a realidade, non polas súas características concretas (como se fai mediante as ciencias), senón polos seus trazos máis xerais.
	Epistemoloxía	Literalmente, significa 'estudo do coñecemento'. Céntrase nas condicións, nos límites, nas aplicacións e nos demais problemas relacionados coa capacidade humana de coñecer. Algúns dos temas que se tratan nela son os límites do coñecemento e as reflexións acerca das ciencias e os seus tipos.
	Antropoloxía	Ocúpase do ser humano, da súa natureza e da súa diversidade. Baséase nas ciencias, tanto naturais (antropoloxía física, paleoantropoloxía, etc.) como sociais (antropoloxía social, historia, etc.). A antropoloxía céntrase na cuestión básica «que somos os seres humanos?».
	Estética	Esta disciplina dedícase ao estudo da arte, da súa definición e das súas relacións con conceptos como o de beleza (tanto artística coma natural). Trata de explicar que é o gusto estético, as condicións dunha obra de arte e como se poden interpretar.
	Lóxica	Consiste no estudo sobre as regras de razoamento, de argumentación e de dedución do entendemento humano. Céntrase na corrección formal dos argumentos e sérvese dalgunhas leis básicas e doutras derivadas. Ten un alto grao de formalización (como as ciencias exactas).
Filosofía práctica	Ética	Reflexión filosófica sobre a moral (conxunto de hábitos, de valores e de xuízos sobre a conduta humana). Trata de describir e de xulgar normas, códigos e conceptos morais. Tamén se ocupa do fundamento, particular ou universal, dos diversos sistemas morais humanos.
	Filosofía política	Está dedicada á definición e á explicación do que é a política. Ocúpase, así mesmo, de analizar en que consiste a institución do Estado, as súas condicións e os seus límites, así como de distinguir, definir e valorar as diversas formas de goberno (monarquía, democracia, etc.).

3

Evolución histórica da filosofía

3.1. Do mito ao logos

A orixe da filosofía na antiga Grecia, hai 2 500 anos, descríbese como «un paso do mito ao logos».

Enténdese por **mito** aquela narración extraordinaria protagonizada por seres divinos ou sobrenaturais que non se estrutura de forma racional, senón que refire sucesos fantásticos ou lendarios.

Os mitos están presentes en todas as culturas e en todas as civilizacións, e non se consideran unha simple fantasía arbitraria, senón un tipo de discurso referido a unha realidade sagrada. O mito non só ten a función de satisfacer a curiosidade intelectual, senón que serve tamén para organizar e para configurar as relacións persoais e sociais.

«**Logos**» significa 'razón', 'linguaxe', 'estudo'. Indica unha reflexión argumentada e razoada baseada na observación da natureza e que non recorre a factores sobrenaturais para explicar a orixe e a estrutura do mundo, da sociedade ou dos seres humanos.

O logos é, pois, o pensamento racional, crítico e reflexivo propio da filosofía, e xorde claramente na cultura grega cara ao século VI a. C. Por iso, xa desde o momento da súa aparición, a filosofía pode considerarse a forma máis primitiva de ciencia, na medida en que aspiraba a explicar o funcionamento da natureza mediante conceptos racionais.

Glosario

Mito: narración anónima e tradicional, que varía segundo se vai transmitindo oralmente, na que uns personaxes extraordinarios (divindades, semidivindades, seres humanos excepcionais...) protagonizan feitos que adoitan dar unha explicación a unha crenza socialmente aceptada. Os mitos proporcionaron un relato coherente tanto da orixe do Universo (cosmogonía) coma da orixe das divindades (teogonía) e dos seres humanos.

Glosario

Razón (logos): o termo grego *logos* significa 'razón', 'estudo', 'linguaxe'. A razón está considerada a facultade superior do pensamento humano. Trátase da capacidade de pensamento reflexivo, crítico e coherente en si mesmo e coa realidade empírica. Nun sentido técnico, cabería distinguir a razón do entendemento e do xuízo, así como doutras facultades como a memoria, a imaxinación ou a percepción. En xeral, na filosofía defendeuse a relevancia da racionalidade para a vida humana.

Así pois, mentres que o mito é unha narración anónima, tradicional e acrítica, o logos, pola contra, esixe un suxeito que argumenta criticamente para calquera ser racional, sen limitarse a crer o que se conta desde unha tradición.

Mito	Logos
Narración sobrenatural	Explicación racional
Personaxes fantásticos	Observación da natureza
Fidelidade á tradición oral	Argumentación crítica

Non obstante, esta distinción non pode tomarse de forma estrita, no sentido de separar radicalmente mito e logos.

Debemos ter en conta que, aínda que o mito non posúe o valor de coñecemento válido no mesmo sentido que a razón, si pode cumprir funcións importantes na filosofía.

Por exemplo, nas súas obras, Platón, no século IV a. C., utiliza o mito para complementar a argumentación lóxica, achegando exemplos, metáforas e relatos que facilitan a exposición conceptual dos temas filosóficos.

Textualmente

«En lugar dunha transmisión dogmática da doutrina, na que todo o interese se centra na preservación da auténtica tradición, na antiga Grecia encontrámonos cunha discusión crítica da doutrina. Abofé que a dúbida e a crítica xa existían antes deste estadio. O novo, non obstante, reside en que a dúbida e a crítica convértense agora, pola súa parte, en elementos dunha tradición da escola. Unha tradición de orde superior substitúe á preservación tradicional do dogma. En lugar da teoría tradicional, en lugar do mito, encontramos a tradición de criticar teorías. Só no curso desta discusión crítica se apela á observación como testemuña. Polo tanto, creo que é esta tradición crítica o que constitúe a novidade da ciencia e o que é característico da ciencia».

K. R. Popper, *Coñecemento obxectivo*

- 1 Que sinala Popper como o propiamente distintivo da filosofía (e da ciencia) fronte ao mito e ao dogma, e cal é o novo criterio de verdade que emprega?
- 2 Comenta a afirmación do texto: «Só no curso desta discusión crítica se apela á observación como testemuña».

3 Evolución histórica da filosofía

3.3. Antigüidade e Idade Media

Ademais de buscar unha explicación teórica da realidade, no pensamento grego incorporouse como tarefa propia da filosofía a proposta racional (fronte ao mítico-relixioso) de cuestións do ámbito da filosofía práctica, como, por exemplo, a da orixe e o destino do ser humano ou a da educación para conducirse rectamente na vida.

Tras as mortes de Platón e de Aristóteles (na segunda metade do século IV a. C.), comeza a época helenística coa creación dun imperio por Alexandre Magno. Este imperio fixo desaparecer as cidades-estado gregas, a súa forma de organización política, os seus costumes e as súas leis. Neste contexto, a filosofía práctica adquiriu máis importancia que a filosofía teórica e converteuse, sobre todo, nun estilo de vida: a busca intelixente da felicidade persoal.

Esta orientación práctica será tamén a concepción fundamental da filosofía durante o Imperio romano, ata o final da Idade Antiga.

Na Idade Media considerábase que a filosofía grega era un produto insuperable da razón e non se aspiraba, polo tanto, a cambiala. Non obstante, as grandes relixións monoteístas —o cristianismo, o xudaísmo e o islamismo— proporcionaban un conxunto de normas morais claro e incuestionable para orientar e para dirixir a vida dos crentes.

Estas relixións ofrecían, á vez, unha concepción xeral e teórica da existencia do mundo e do ser humano, elaborada a partir da revelación e do dogma. Por este motivo, á filosofía só lle quedou, durante o predomínio destas doutrinas relixiosas, o papel de instrumento para axudar a reforzar, a xustificar e a defender racionalmente o dogma.

A filosofía converteuse entón na *ancilla theologiae*, na criada, na escrava da teoloxía. Esta escravitude non podía ter outro desenlace que o dunha inimidade, cada vez maior, entre a filosofía e a teoloxía, que se puxo de manifesto, sobre todo, nos últimos séculos da Idade Media.

3.4. A filosofía moderna

A fusión do pensamento grego co monoteísmo xudeocristián durante a Idade Media consolidou as bases do que hoxe coñecemos como «civilización occidental» e fixo xurdir importantes cuestións filosóficas.

Non obstante, a partir do Renacemento a filosofía independizouse dos intereses relixiosos. Este esforzo culminou na obra de **René Descartes** (1596-1650), iniciador da filosofía moderna, que intentou liberar a filosofía da influencia medieval e da tradición grega.

Con ese fin, Descartes buscou un novo punto de partida radical para a reflexión filosófica, accesible só mediante o exercicio individual, autónomo e crítico da propia razón. Pretendía deseñar un método científico universal co que comprender e dominar as leis que regulan o mundo e a existencia humana.

Pero sobre todo foi **Immanuel Kant** (1724-1804) quen renovou a concepción da filosofía, impulsando a súa evolución ata o que é na actualidade. Kant demostrou que a metafísica, entendida como saber sobre a totalidade do real, non é unha ciencia. A partir desta idea, obrigou a que a filosofía se concibise como un conxunto de tarefas con pretensións máis modestas, pero aínda fundamentais.

Con esta proposta rematou a filosofía moderna e comezou a contemporánea, a que chega ata os nosos días.

Actividades

- 1 Explica as diferenzas entre mito e logos.
- 2 Cales foron as principais achegas á filosofía de Sócrates e de Platón?
- 3 Cal é o punto de partida da filosofía moderna que a diferencia da filosofía medieval?

Textualmente

«Ensíname a buscarte, oh, Deus!, e móstrate a min que te busco. Eu non podo buscarte se Ti non me ensinas, nin encontrarte se Ti non te mostras. Que eu te busque desexándote, que eu te desexe buscándote, que te encuentre amándote e que te ame encontrándote. Eu recoñézote, Señor, e douche as grazas por crear en min esta imaxe túa co fin de que me acorde de Ti, pense en Ti, e te ame; pero esta imaxe está tan gastada pola miseria dos vicios, tan ofuscada polo cúmulo dos pecados, que non pode facer aquilo para o cal foi creada se Ti non a renovas e non a reconstituís. Non pretendo, Señor, penetrar na túa altísima dignidade, porque non podo de feito comparar a ela o meu entendemento, pero desexo

entender dalgún xeito a túa vontade que o meu corazón cre e ama. Tampouco busco entender para crer, senón que creo para entender. E aínda isto creo: que se antes non creo, non poderei entender».

Anselmo de Canterbury, *Proslogion*, I.

- 1 Que relación se expresa nesta oración entre o que corresponde á acción de Deus e o que pode realizar o entendemento humano?
- 2 Comenta o enunciado: «Tampouco busco entender para crer, senón que creo para entender».

Textualmente

«Páreceme, polo demais, que Sarsi ten a firme convicción de que para filosofar é necesario apoiarse na opinión de calquera célebre autor, de maneira que se a nosa mente non se esposase co razoamento doutra, debería quedar estéril e infecunda; talvez pensa que a filosofía é como as novelas, produto da fantasía dun home, como, por exemplo, a *Iliada* ou o *Orlando furioso*, onde o menos importante é que aquilo que nelas se narra sexa certo. Sr. Sarsi, as cousas non son así. A filosofía está escrita nese gran libro que temos aberto ante os ollos, quero dicir, o Universo, pero non se pode entender se antes non se aprende a entender a lingua, a coñecer os caracteres nos que está escrito. Está escrito en lingua matemática e os seus caracteres son triángulos, círculos e outras figuras xeométricas, sen as cales é imposible entender nin unha palabra; sen eles é como xirar en balde nun escuro labirinto».

Galileo, *O ensaiador*, cap. 6.


- 1 Que relación se establece neste texto entre as matemáticas e a filosofía?
- 2 Por que, segundo a distinción que fai Galileo, a filosofía é unha creación humana esencialmente distinta das novelas e da literatura?

Textualmente

Eu, que parezo concibir con tanta claridade e distinción este anaco de cera, acaso non me coñezo a min mesmo, non só con máis verdade e certeza, senón con maior distinción e claridade? Pois se vulgo que existe a cera porque a vexo, con moita máis evidencia séguese, do feito de vela, que existo eu mesmo. En efecto: puidera ser que o que eu vexo non fose cera, ou que nin tan sequera teña eu ollos para ver cousa ningunha; pero o que non pode ser é que, cando vexo ou penso que vexo (non fago distinción entre ambas as dúas cousas), ese eu, que tal pensa, non sexa nada. [...] Mais velaquí que, por min mesmo e moi naturalmente, cheguei onde pretendía. En efecto, sabendo eu agora que os corpos non son propiamente concibidos máis ca polo entendemento, e non pola imaxinación nin polos sentidos, e que non os coñecemos por velos ou tocalos, senón só porque os concibimos no pensamento, sei entón con plena claridade que nada me é máis doado de coñecer que o meu espírito».

R. Descartes, *Meditacións metafísicas con obxeccións e respostas*, «Meditación segunda».

- 1 Por que di Descartes que do feito de que vexo a cera se segue a verdade evidente de que existo?
- 2 É máis seguro, segundo Descartes, o coñecemento das nosas ideas que o dos obxectos externos?



A partir do nacemento da ciencia moderna durante o Renacemento, o pensamento racional libérase da tutela relixiosa (gravado realizado a partir da obra de Annibale Gatti, *Vista de Milton a Galileo*).


A FILOSOFÍA

Mapa mental

ORGANIZU A MINA MENTE



Coñecemento da realidade no seu conxunto e do seu sentido último. **Razón**: coñecemento racional e crítico da realidade. Estudo das causas, as razóns e os principios da realidade.



ETIQUETAS CONCEPTUAIS

Elabora unha disertación filosófica na que analices os distintos ámbitos e as diferentes disciplinas nas que se divide a filosofía e o obxecto de cada unha delas a partir dos seguintes conceptos.

FUNCIÓN CRÍTICA **USO TEÓRICO** **USO PRÁCTICO**
LÓXICA **ÉTICA** **FELICIDADE • ADMIRACIÓN**
RAZÓN **ESTÉTICA • METAFÍSICA • ANTRÓPOLOXÍA** **ARGUMENTACIÓN RACIONAL** **AUTONOMÍA**
ÉPISTEMOLOXÍA • FILOSOFÍA POLÍTICA

ENCLAVE

Descubre que é un DAFO e encheo para coñecer o teu interese por dedicarte á filosofía, á ciencia...



Descubro o que aprendín



- 1 Explica a chegada dos filósofos presocráticos ao nacemento da filosofía. Cal foi o obxectivo das súas investigacións e que novidade supuxo a súa proposta?
- 2 En que consiste o uso teórico da razón?
 - a) En coñecer un ámbito parcial da realidade e na aplicación dos seus descubrimentos á transformación técnica do mundo.
 - b) En comprender a revelación divina para combater as interpretacións desviadas e heréticas das crenzas relixiosas.
 - c) No desexo intelectual de obter un coñecemento coherente, racional e unificado da nosa existencia e do mundo.
 - d) Na transformación da realidade e na orientación da vida humana para convertelas no que deberían ser.
- 3 En que consiste o uso práctico da razón?
 - a) Na transformación da realidade e na orientación da vida humana para convertelas no que deberían ser.
 - b) No desexo intelectual de obter un coñecemento coherente, racional e unificado da nosa existencia e do mundo.
 - c) En comprender a revelación divina para combater as interpretacións desviadas e heréticas das crenzas relixiosas.
 - d) En coñecer un ámbito parcial da realidade e na aplicación dos seus descubrimentos á transformación técnica do mundo.
- 4 Completa esta táboa identificando as principais características do mito e do logos, respectivamente: fidelidade á tradición oral, explicación racional, argumentación crítica, narración sobrenatural, observación da natureza, personaxes fantásticos.

Mito	Logos
[...]	[...]
[...]	[...]
[...]	[...]
- 5 Cal é a tarefa da filosofía que ningunha ciencia particular pode asumir? Por que as ciencias teñen esa limitación?
- 6 A que saber se refire Aristóteles neste texto como «a ciencia máis perfecta»? De que se ocupa?

«[...] o que quere coñecer por coñecer elixirá a ciencia máis perfecta, é dicir, a ciencia máis cognoscible. Pero o máis cognoscible son os principios e as causas: por eles e a partir deles son coñecidas as demais cousas; e non eles polas demais cousas subordinadas. A ciencia suprema, a que é superior a toda ciencia subordinada, é a que coñece o fin en vista do cal debe facerse cada cousa. Este fin é o ben de cada ser e, dun modo xeral, é o ben soberano no conxunto da natureza. De todas estas consideracións resulta que o nome de sabedoría aplícase á mesma ciencia. Debe ser a ciencia teórica dos primeiros principios e das primeiras causas, pois o ben, é dicir, o fin, é unha destas causas».

Aristóteles, Metafísica, I, cap. 2, 982b.
- 7 Para Aristóteles, a filosofía é un modo de coñecemento que non consiste só en saber que certas cousas son dun determinado xeito e non doutro. Para este filósofo, que é o propio da filosofía e o que a distingue dos demais saberes?
- 8 Explica o contraste entre o obxectivo da filosofía na época helenística e durante o Imperio romano coa súa función ao longo da Idade Media.
- 9 Explica como logrou Descartes, na época moderna, liberar a filosofía das influencias medievais e da tradición grega.
- 10 Sinala se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as definicións que propoñemos a continuación.
 - a) Metafísica: é a reflexión filosófica sobre a moral.
 - b) Epistemoloxía: estuda as regras de razoamento, de argumentación e de dedución do entendemento humano.
 - c) Antropoloxía: ocúpase do ser humano, da súa natureza e da súa diversidade.
 - d) Estética: dedícase ao estudo da arte, da súa definición e das súas relacións coa beleza.
 - e) Lóxica: estuda as condicións, os límites, as aplicacións e os demais problemas da capacidade humana de coñecer.
 - f) Ética: estuda a estrutura básica da realidade.
 - g) Filosofía política: trata da definición e da explicación do que son a política, o Estado e as formas de goberno.




Un debate

Por que perviven os mitos no noso mundo avanzado?

Introdución ao debate


Nas actuais sociedades desenvolvidas, dominan as ciencias, a tecnoloxía e a racionalidade económica. Non obstante, tamén son sociedades nas que, paradoxalmente, persisten supersticións e mitos de todo tipo. Non é asombroso que se produza esta contradición?

PARA O DEBATE

- 1 Que diferenzas se poderían sinalar entre o mito e a superstición? Son o mesmo?
- 2 O filósofo Baruch Spinoza dicía, no século XVII, que a crenza dos seres humanos en mitos se debe a que o azar ou a sorte non sempre lles é favorable. Entón, interpretan a natureza de modo extravagante; por exemplo, personalízana en forma de divindades para poder persuadila ou subornala. Que che parece esta opinión?
- 3  Alguén fixo unha vez unha visita a un científico moi famoso e sorprendeuse ao ver colgada na súa porta unha ferradura. Entón, preguntoulle se cría na superstición de que a ferradura trae boa sorte. O científico respondeulle: «Por suposto que non o creo. Pero díxéronme que funciona mesmo cando un non o cre». Suxíreche esta anécdota a idea de que os mitos e as crenzas supersticiosas satisfán, en realidade, necesidades instintivas como a de aplacar o medo? Xustifica a túa resposta.
- 4  1-2-4. Tamén a astroloxía é unha crenza supersticiosa, que se basea na suposta influencia que exercen os astros sobre a vida humana. Que argumentos poderías propoñer para crítica-la? Expressa a túa opinión sobre os problemas que formula.
- 5  Escolle un mito grego ou doutra tradición cultural, resume brevemente a historia que narra e expón que se intenta explicar con el. quen son os seus protagonistas? Que relacións encontras entre o mito e a realidade que se trata de explicar?



A Capitá Marvel, un personaxe dotado de marabillosos poderes, é un mito actual.



A astroloxía é unha crenza supersticiosa sen ningunha base científica (Giorgione, A astroloxía, Casa Giorgione, Castelfranco Veneto, Italia).